

CONCRECIÓN CURRICULAR

A concreción curricular de cada etapa incluirá as adaptacións do currículo baseadas nas características do entorno social e cultural do centro e que deberá incorporar os aspectos específicos que definan o carácter singular do centro

DATA: 05/04/2022

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 05/04/2022

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 05/04/2022

PUBLICADA NA WEB DO CENTRO: 25/04/2022

DATA 1ª REVISIÓN:

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.	4
1.1. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL E ÁREA/MATERIA DE EDUCACIÓN PRIMARIA (PERFÍS DE ÁREA).....	4
2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA (DISPOSICIÓN DO ALUMNADO NA AULA, APRENDIZAXE COOPERATIVA, APRENDIZAXE POR PROXECTOS,...).....	4
3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	8
3.1. CRITERIOS XERAIS PARA AGRUPAMENTOS DO ALUMNADO.¡Error! Marcador no definido.	
4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	21
5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.....	28
6. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS E PROGRAMAS DE INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA.....	31
7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (FACER CONSTAR DATA DE AUTORIZACIÓN XT)	32
8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	32
9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).....	33
10. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS) ..	34
11. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO (MODELO UNIFICADO DE INFORMACIÓN SOBRE AS PROGRAMACIÓNS, USO DA AXENDA ESCOLAR, USO DA PÁXINA WEB, REUNIÓNS, TITORÍAS PAIS, AULA VIRTUAL...) ..	38
12. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:.....	40
I. DATAS DAS AVALIACIÓNS (MODELOS DE ACTAS) ..	42

II. AVALIACIÓN INICIAL	42
III. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE ETAPA EP.....	42
IV. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS PENDENTES	43
V. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO	44
VI. PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS.....	44
VII. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCÍONS HONORÍFICAS.....	46
13. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSINANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO (MODELO DE ACTA)	
47	
14. DECISIÓNS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS (MODELO UNIFICADO, DATAS DE ENTREGA, DATAS DE REVISIÓN, GUIÓN REVISIÓN...)	49

1. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. PERFÍS COMPETENCIAIS DE AREA/MATERIA. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO.

1.1. RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES CONCRETADOS POR NIVEL E ÁREA/MATERIA DE EDUCACIÓN PRIMARIA (PERFÍS DE ÁREA)

No perfil de área indicamos para cada estándar un nivel mínimo de logro, e sinalamos aqueles estándares que consideramos prioritarios (marcados con ***) dentro de cada área, de modo eles serán traballados con maior intensidade e serán tidos en conta, en maior medida, á hora de levar a cabo a cualificación dos mesmos. Estes estándares marcados como prioritarios son considerados como imprescindibles, no grao mínimo establecido, para superar a área.

As programacións de nivel e aula incluírán e terán en conta o indicado nestes perfiles.

Ver Anexo I

2. CONCRECIÓNS XERAIS SOBRE METODOLOXÍA (DISPOSICIÓN DO ALUMNADO NA AULA, APRENDIZAXE COOPERATIVA, APRENDIZAXE POR PROXECTOS,...)

METODOLOXÍA NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Co fin de establecer un traballo coordinado entre as aulas de Educación Infantil, establécense unha serie de Principios Metodolóxicos nos que se fundamentará o traballo na aula e que aparecen indicados no currículo do segundo ciclo de Ed. Infantil:

- Un principio no que se fundamentará a nosa actuación será a globalización. Por iso, partiremos sempre de núcleos motivadores, e levaremos a cabo actividades intimamente relacionadas unhas con outras, traballando contidos das tres áreas dunha forma interrelacionada.
- Intentaremos partir sempre dos intereses dos alumnos/as, para favorecer deste xeito a significatividade das aprendizaxes. Incluiremos ao longo do curso diversos proxectos e unidades.
- A metodoloxía será activa, xa que a principal fonte de aprendizaxe é a actividade dos nenos/as, tanto física coma mental, e paidocéntrica, é dicir,

centrada no alumno como o protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe, e onde o noso papel sexa de guía, orientador e dinamizador do proceso.

- As aprendizaxes han de resultarlle ao neno/a significativas, e a motivación é polo tanto un punto clave. De aí que lle deamos moita importancia á novidade, á ambientación e decoración da aula, aos xogos e actividades que impliquen que o neno/a sexa o protagonista.
- Traballaremos moito os hábitos, fundamentais para o bo funcionamento da clase, e tamén para dotar aos nenos/as dunha maior autonomía.
- O xogo se converte nun recurso metodolóxico fundamental, non só porque é un instrumento motivador que favorece a significatividade das aprendizaxes, senón tamén porque contribúe ao desenvolvemento integral do neno/a. Por iso na aula dotaremos de carácter lúdico calquera actividade ou tarefa.
- Crearemos un clima de afectividade na aula. É moi importante que os nenos/as se sintan queridos e valorados, para desenvolver a súa autoestima. Utilizaremos na medida do posible os reforzos positivos, e o ambiente que procuraremos crear nas aulas será acolledor, cálido e afectivo.
- Teranse en conta durante todo o proceso de E-A as características individuais do alumnado así como as súas peculiaridades e ritmos evolutivos individuais. Planearanse sempre que sexa preciso aspectos relativos ao reforzo e ampliación, tendo especial coidado con aquel alumnado con NEAE.
- Fomentarase a organización de actividades de carácter grupal que fagan fincapé na comunicación, cooperación e o diálogo como vía de solución de problemas, conflitos e respecto ás diferenzas.
- Favorecer a participación e colaboración coas familia xa que é fundamental na educación de nenos e nenas.
- Prestarase atención a unha axeitada organización espazo-temporal. A distribución dos distintos recunchos da aula será polivalente, segura, e debe responder ás distintas necesidades do alumnado, e das actividades. As rutinas diarias axudarannos a planificar e estruturar o tempo o cal será flexible e respectará os ritmos individuais do alumnado así como as súas necesidades.

- Realizaranse reunións entre todo o profesorado implicado para coñecer as necesidades dos nenos/as e en concreto para solicitar pautas de actuación; etc. Ademais debe existir unha coordinación vertical co docente da seguinte etapa para favorecer a transición do alumno/a á etapa de E. P.

En todo caso cabe destacar que estas indicacións metodolóxicas, supoñen o marco xeral no que cada docente afondará, concretará e elaborará o seu propio plantexamento metodolóxico, que quedará plasmado e indicado nas respectivas programacións de aula.

METODOLOXÍA NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Coa finalidade de establecer uns criterios comúns para a práctica docente na etapa de Educación Primaria que contribúan a acadar os obxectivos xerais de etapa, dende o noso centro educativo establecemos unha serie de principios metodolóxicos de carácter xeral que vertebrarán o proceso de ensinanza-aprendizaxe na aula. Incluímos, asemade, unha serie de principios de actuación docente, que deberán orientar a labor dos mestres e mestras, así como unha serie de tarefas didácticas para o desenvolvemento das sesións de traballo no día a día. En todo caso, cabe destacar que estas indicacións metodolóxicas supoñen o marco xeral no que cada docente afondará, concretará e elaborará o seu propio plantexamento metodolóxico, atendendo ás características específicas do seu grupo de discentes, tendo en conta o indicado ao respecto da “atención á diversidade” do alumnado.

Ademais dos principios que xa se indicaron para a etapa de Educación Infantil, aos cales daremos continuidade ao longo da etapa de primaria, faise necesario que a metodoloxía na etapa de Educación Primaria se traballe ao redor dunha serie de principios que garanten unha educación de calidade e adaptada ás necesidades da sociedade actual. Polo tanto, nas sesións imperarán os seguintes principios metodolóxicos:

- Traballarase de xeito interdisciplinar para garantir que as aprendizaxes sexan realmente significativas, facéndose necesaria, a cooperación e o traballo conxunto de todo o profesorado.

- Empregaranse estilos de ensinanza que teñan en conta as necesidades e a realidade diaria que os rodea, onde o alumnado sexa o protagonista activo da súa aprendizaxe.
- Priorizaremos unha aprendizaxe baseada no compoñente práctico, manipulativo, investigador e comprensivo, máis alá da memorística.
- Fomento da lectura como un xeito de aprender, disfrutar e compartir.
- Aprendizaxe baseada nas competencias clave, procurando que o alumnado acadase maiores niveis no desempeño das competencias a medida que avanza na etapa e lles sexan de utilidade para o seu día a día.
- Intervención educativa que teña en conta a diversidade da aula, poñendo especial énfase nunha atención individualizada.
- A metodoloxía será activa, comunicativa, inclusiva e participativa, procurando que ao finalizar a etapa nos atopemos un alumnado máis autónomo, responsable e tolerante, para que aprenda a vivir e enfrontarse con garantías ás realidades da vida diaria.

A organización da clase deberá favorecer estas metodoloxías polo que o alumnado traballará en diferentes agrupamentos: equipos cooperativos de catro membros, por parellas, gran grupo, individualmente...

Ademais dos citados principios metodolóxicos teranse en conta na actuación docente os seguintes aspectos.

- Actuarase como facilitador e mediador da aprendizaxe, motivando e xerando un clima de confianza constante.
- Plantexaranse situacións nas que o alumnado teña que buscar, contrastar, compartir, procesar e expoñer a información ca que traballa.
- Proporanse restos individuais e grupais como unha forma de aprender sen perder a motivación.
- Normalizarase o feito de equivocarse, como unha parte do proceso de ensinanza-aprendizaxe que nos permite reflexionar, facer autocrítica e mellorar diariamente para enfrontarnos a novas situacións.

- Procurarase que o alumnado leve a iniciativa nas clases, sexa o protagonista e traballe con autonomía para resolver os problemas plantexados.
- Farase fincapé na creación dun clima democrático e afectivo na aula, onde a axuda ao próximo, o respecto e o traballo en equipo son unha realidade diaria...
- A educación en valores será a protagonista transversal de todos os procesos que se leven nas aulas.
- Empregaranse, segundo a organización e dinámica das aulas, sempre que sexa posible dinámicas de traballo cooperativo, especialmente nos proxectos de traballo e outras tarefas didácticas.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A diversidade, é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumno e de cada alumna, da singularidade de cada familia e de cada unha das mestras e mestres, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

Entre os principios e fins da educación establecidos no capítulo I do título preliminar da LOE aparece a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado.

No título II da citada lei, dedicado a equidade na educación, establécese que as administracións educativas disporán dos medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado retira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

A atención a diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos e alumnas. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como unha medida que corresponde ás necesidades duns poucos, baseada en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES.

Co fin de dar a resposta máis axeitada ás situacións particulares dos nosos alumnos e alumnas o principio de cada curso, procederemos a identificar e valorar as necesidades dos mesmos. Este procedemento se realizará no menor tempo posible, procurándose que non se estenda máis alá do mes de setembro.

Se terán en conta as recomendacións de final do curso anterior (informes de tutoría, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, xefatura do departamento de orientación,...) sobre a conveniencia de manter con determinados alumnos e alumnas intervencións xa iniciadas, ou iniciar intervencións novas.

A identificación inicial será responsabilidade das titoras e titores, para o cal contarán tamén coa participación das mestras e mestres que imparten docencia no seu curso. O departamento de orientación colaborará en todo o que sexa necesario para levar a cabo a identificación inicial de necesidades. Con tal fin, se poderán realizar, entre outras accións, avaliacións grupais nos cursos de 1o, 3o e 5o, sempre que así o solicite a titora ou titor correspondente.

Ao iniciar o segundo ciclo da educación infantil a titora ou titor realizará una avaliación inicial dos seus alumnos e alumnas, tal é como se indica na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. No anexo II da citada orde recóllese o modelo que debe seguir o informe de avaliación inicial.

Nos puntos 3o e 4o do artigo 4o da orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia , indícase o seguinte:

Ao comezo de cada ciclo e durante o primeiro mes do curso escolar, a persoa titora realizará unha avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou ciclo anterior correspondentes ao seu alumnado e completárase coa información obtida das familias.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo nas programacións de aula, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Na última reunión do departamento de orientación do mes de setembro (última semana) as coordinadoras e coordinadores de ciclo informarán das necesidades e valoración de cada grupo. Nesa reunión se concretarán as medidas de cada caso e se decidirá iniciar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias.

DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS.

1. Avanzar na planificación e desenvolvemento de medidas preventivas e ordinarias de atención á diversidade.
2. Colaborar co profesorado na detección de problemas de aprendizaxe e na detección de posibles necesidades educativas especiais, realizando unha avaliación psicopedagóxica cando fora precisa.
3. Manter a recollida de información sobre aspectos básicos do desenvolvemento.
4. Definir pautas de intervención do profesorado de apoio.
5. Optimizar o uso dos recursos persoais, materiais e organizativos do centro.
6. Procurar procesos de avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, nas que colabore todo o profesorado implicado no seu proceso de ensinanza aprendizaxe.
7. Favorecer a implicación das familias na educación dos seus fillos e/ou filias.
8. Manter unha boa coordinación coas diferentes institucións. (servizos sociais, pediatría, unidade de saúde mental infanto-xuvenil,...)

DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS E MEDIDAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

ACTUACIÓNS.

1. Tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e dos obxectivos do segundo ciclo da educación infantil e da educación primaria.

2. Diseñar e poñer en práctica acción preventivas e de detección temperán, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumna e de cada alumno.
3. Concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro.
4. Desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas.
5. Optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo.
6. Potenciar a acción titorial e orientadora por parte do profesorado.
7. Promover a implicación de nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado no proceso educativo.
8. Impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias no ámbito da atención á diversidade.

MEDIDAS.

Enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Segundo o decreto 229/2011 clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

MEDIDAS ORDINARIAS.

Son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas á consecución dos obxectivos e competencias básicas.

1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos e espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
3. Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
4. Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
5. Aulas de atención educativa e convivencia e medias e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
7. Programas de enriquecemento curricular.
8. Programas de reforzo rías áreas instrumentais básicas.
9. Programas específicos personalizados.
10. Programas de habilidades sociais..

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Segundo o capítulo V do decreto 229/2011 o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes das ordinarias por:

- Presentar necesidades educativas especiais.
- Por dificultades específicas da aprendizaxe.
- Por altas capacidades intelectual.
- Por incorporarse tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais ou de historia escolar.

Estas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas Insuficientes. Requirirán da autorización da dirección do centro.

1. Adaptacións curriculares.
2. Agrupamentos flexibles.

3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.
4. Flexibilización da duración do período de escolarización.
5. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para asistencia continuada ao centro educativo.
6. Grupos de adquisición das linguas.
7. Grupos de adaptación da competencia curricular.

CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

En primeiro lugar se adoptarán as medidas ordinarias que non precisen da intervención de outros profesionais, indo sempre das máis xerais ás máis concretas.

Unha vez que o alumno ou alumna supere as necesidades que motivaron a aplicación das distintas medidas estas serán suprimidas.

A titora ou titor informará as familias periodicamente.

Para levar a cabo os apoios por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria haberá que ter en conta os seguintes aspectos:

Este apoio se levará a cabo nos grupos nos que previamente se informase das necesidades que o motivan e cando estas non requiran dunha avaliación psicopedagóxica. Pasos a seguir:

- A titora ou titor determinará que alumnas ou alumnos requiren apoio.
- Informará por medio da coordinadora do ciclo ao departamento de orientación.
- No departamento de orientación se establecerá en que áreas ou materias se precisa o apoio.
- Se determinará se os apoios serán individuais ou grupais.
- En función da dispoñibilidade horaria establecer os reforzos.
- A xefatura de estudos, se é o caso, terá en conta ó alumnado que precisa apoios a hora de elaborar os horarios.

- Os reforzos se realizarán en aula e preferentemente por profesorado do mesmo ciclo. Cando isto non sexa posible se priorizará o profesorado do curso inmediatamente anterior para o primeiro curso do ciclo e o do curso inmediatamente superior para o segundo curso do ciclo.
- A hora de distribuír os reforzos se procurará que entre o menor número de profesorado posible nunha mesma aula
- Nunha reunión da titora ou titor e os responsables dos apoios nos grupos, na que tamén estará o xefe do departamento de orientación e a xefa de estudos se organizarán as actuacións dos diferentes implicados nos apoios.
- A titora ou titor informará as familias das medidas de atención a diversidade adoptadas co alumno ou alumna.
- Revisión periódica das medidas adoptadas de cara a súa extinción, modificación, ampliación,...
- A final de curso a titora emitirá un informe sobre as medidas ordinarias realizadas. A adopción de medidas extraordinarias co alumnado co que as medidas ordinarias non fosen efectivas seguirá o seguinte procedemento:
 - Solicitud de intervención ao departamento de orientación, (segundo o modelo existente)
 - Información ás familias da necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica. (deben cumprimentar a autorización pertinente).
 - Realización por parte do xefe do departamento de orientación da avaliación psicopedagóxica.
 - Información aos profesionais implicados dos resultados da avaliación.
 - Determinación das medidas extraordinarias máis axeitadas.
 - Reunións dos implicados no proceso para deseñar a execución das medidas adoptadas, así como os procesos de seguimento e avaliación.
 - Entrevista coa familia para comunicar as medidas que se van a levar a cabo.
 - A final de curso a titora emitirá un informe sobre as medidas extraordinarias realizadas.

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

O procedemento de realización das mesmas está recollido na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación..

O seu deseño e desenvolvemento, será responsabilidade da titora ou titor, e das mestras e mestres das áreas que se vaian a adaptar, contarán coa colaboración de todos os profesionais implicados na atención á alumna ou alumno e coa colaboración do xefe do departamento de orientación.

Se concluirán, preferentemente, na primeira quincena do mes de novembro.

Na segunda quincena do mes de novembro se remitirán a inspección educativa.

Precisan da autorización da Inspección Educativa.

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES

O procedemento de realización dos mesmos está recollido no artigo 56 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estes grupos estarán formados por un máximo de 8 alumnos e alumnas que pertencerán ao mesmo nivel educativo, soamente en 5º e 6º de educación primaria.

A adscrición dun alumno ou alumna a estes grupos debe ser revisada de forma periódica, mínimo unha vez ao mes, para poder reintégralos ao grupo ordinario canto antes.

Se realizará un seguimento individualizado da evolución de cada un dos membros destes grupos. A atención diferenciada fora da aula ordinaria se impartirá en parte do horario das materias obxecto de apoio e se compatibilizará coa docencia no grupo ordinario.

Na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se especifica que con alumnado procedente do estranxeiro se poderán realizar tamén os seguintes agrupamentos flexibles:

- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

INTERVENCIÓN DO PROFESORADO ESPECIALISTA DE PT E AL

O xefe do departamento de orientación elevará a dirección proposta da organización dos apoios que requiran da intervención desta especialista en función das demandas recibidas.

Atendendo ós seguintes criterios:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle o correspondente informe psicopedagóxico.
- Atenderase ao alumnado obxecto de adaptación curricular.
- Atenderase ao alumnado con intervencións xa iniciadas no curso anterior, priorizando de 1º a 6º.
- Atenderase ao alumnado de educación infantil se así o aconsella o informe psicopedagóxico.
- Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
- Evitarase o exceso de horas de permanencia do alumno ou alumna fora do grupo ordinario.
- Evitarase Nas materias non instrumentais que favorecen a integración.

Non se pode prescindir da docencia directa das mestras ou mestres do grupo ordinario en ningunha das áreas do currículo, polo que as intervencións fora de aula se impartirán en parte do horario das materias obxecto de apoio e se compatibilizarán coa docencia no grupo ordinario.

FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

No artigo 17 punto 2 do decreto 229/2011 establécese que en educación infantil poderase excepcionalmente aumentar ou reducir a permanencia na etapa nun ano. En ningún caso se poderá permanecer na etapa máis alá do ano natural no que se cumbran os sete anos de idade nin comezar a primaria antes do ano natural no que se cumbran os cinco anos.

No punto 4 do mesmo artigo establécese que na educación primaria poderase excepcionalmente aumentarse ou reducirse a permanencia nun ano. En ningún caso se poderá permanecer na etapa máis alá do ano natural no que se cumbran os quince anos nin comezar a secundaria antes do ano natural no que se cumbran os dez anos.

O procedemento para solicita-las flexibilizacións se establece no artigo 58 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación..

ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO QUE, POR CIRCUNSTANCIAS DIVERSAS, PRESENTA DIFICULTADES PARA UNHA ASISTENCIA CONTINUADA AO CENTRO EDUCATIVO

Este aspecto se regula no seguintes artigos do decreto 229/2011:

No artigo 25 se establece que alumnos e alumnas deben recibir atención educativa hospitalaria e domiciliaria.

No artigo 26 como debe ser a atención aos menores sometidos a responsabilidade penal.

No artigo 28 como debe ser a atención ao alumnado afectado por medidas de violencia de xénero e/ou acoso escolar.

No artigo 29 como debe ser a atención ao alumnado pertencente a familias itinerantes.

CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

A función do EQUIPO DIRECTIVO será impulsar, dirixir e coordinar o Plan de Atención a diversidade; promover o seu desenvolvemento e aplicación; preséntalo ao Consello Escolar e elévalo á Consellería de Educación.

O CONSELLO ESCOLAR coñecerá o PXAD aprobarao se o considera axeitado e poderá facer proxectos para a súa mellora.

O CLAUSTRO DE PROFESORES coñecerá, levará a cabo e poderá tamén formular respostas de mellora.

Os EQUIPOS DE CICLO coordinarán a actuación dos seus membros na aplicación das medidas que se adopten; fixarán criterios e elaborarán modelos, instrumentos e materiais para a aplicación das adaptacións curriculares, así como garantirán a aplicación das mesmas nas áreas da súa competencia.

O PROFESORADO TITOR: participará na detección e valoración de necesidades educativas do seu alumnado; colaborará eos responsables da avaliación psicopedagóxica achegando información relevante sobre o alumno avaliado; solicitará a autorización das familias e informaralles para a aplicación de medidas de atención á diversidade; coordinará a atención á diversidade no seu grupo e avahará as medidas adoptadas.

PROFESORADO DE APOIO EDUCATIVO: participará na detección e valoración das necesidades educativas do alumnado e na adopción de medidas necesarias; coordinarase co profesor de área do alumno en apoio para valorar as súas necesidades nesa área concreta e definir os obxectivos da súa intervención; desenvolverá o apoio educativo mediante a atención directa ao alumno; realizará avaliacións de seguimento e informará ao profesor de área sobre o traballo individual desenvolvido.

ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E AUDICIÓN E LINGUAXE: a intervención profesional do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

- a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.
- b) Prestar atención docente directa ao alumnado indicado anteriormente, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.
- c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.
- d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.
- e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluírá no seu expediente. No anexo V, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.
- h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

Faranse reunións de ciclo, da Comisión de Coordinación Pedagóxica e do Departamento de Orientación onde os coordinadores dos ciclos, comentaran as medidas tomadas e avaliaranse os resultados, ou os cambios que habería que introducir.

Manteranse reunións periódicas co IES de referencia, onde se lles proporcionará información dos nosos alumnos e alumnas que pasaran ó IES, e se organizará visita do alumnado ao IES..

CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E COS SERVIZOS EXTERNOS

No proceso educativo é imprescindible a colaboración das familias para unha evolución positiva do mesmo.

É por iso que se establecen unha serie de reunións, entrevistas , etc... que permitan manter e sempre mellorar, a relación centro e familias:

Reunión a principio de curso: para recoller datos sobre o alumno, informar achega do horario, metodoloxía de traballo, funcionamento do centro, etc.

Reunión previa para solicitar permiso, se fose necesario, unha avaliación psicopedagóxica ou para informarlles sobre as medidas de atención a diversidade tomadas co alumno/a.

Entrevistas dende o Departamento de orientación para conseguir recadar información sobre as características do alumno, ou problemática do entorno, que poidan incidir nos posibles trastornos detectados a este.

Unha sesión semanal para atención a familias por parte da xefatura do departamento de orientación.

Comunicación aos Servicios Sociais do Concello.

Comunicación aos Servicios Sanitarios (Pediatría, U.de Saúde Mental Infanto-Xuvenil).

Comunicación aos Equipos de Orientación Específicos.

PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Nos anexos do PAD están os diferentes modelos de solicitude e autorización.

SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nas diferentes medidas de atención a diversidade, introducindo as medidas correctoras oportunas.

A avaliación será realizada polas mestras implicadas, nas sesións de coordinación e avaliación.

Nas actas de avaliación se fará constar se se realizou unha adaptación curricular significativa (ACS) ou reforzo (RE) cando as modificacións non se aparten significativamente do currículo ordinario.

4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Educación Infantil:

Guiámonos polas características desta etapa, na que é moi importante a selección do material, que debe ser variado e que sirva para desenvolver as capacidades afectivas, físicas, intelectuais e adecuadas as súas posibilidades.

Na etapa de educación infantil contamos coa presenza dos seguintes materiais e recursos.

RECURSOS HUMANOS relativos a todo o persoal que desenvolve a súa labor no centro educativo: titores, mestre de apoio a EI, mestres especialistas, PAS, así como as familias dos nenos e nenas, que participan tanto de forma directa como indirecta. Así como a Asociación de Pais e Nais do Alumnado.

No centro cóntase coa presenza no ciclo de especialistas que interveñen nas aulas de infantil segundo as necesidades de distribución horaria en cada curso ou das necesidades educativas e de atención á diversidade en cada caso (EI, AL, PT, Orientador).

RECURSOS FÍSICOS: as propias aulas e mobiliario, os corredores, aulas de especialidades (usos múltiples-aula de psicomotricidade, aula de AL, aula de inglés), a biblioteca, o patio (zona cuberta, zona de tobogáns, zona de herba-area, zona de árbores), a aula de Informática, a aula laboratorio-plástica, a sala de mestres, sala de material de uso do profesorado.

RECURSOS DA CONTORNA: por un lado a nivel institucional, en colaboración coa comunidade educativa, cóntase con recursos que nos oferta o concello, a biblioteca de Pontevedra, o Pazo da Cultura, o auditorio da Afundación... así como outros como editoriais, grupos de teatro, contacontos...

Por outra banda, cando falamos de recursos da contorna, referímonos tamén aos recursos e materiais da natureza recollidos e presentes na contorna: follas, pedras, castañas, terra, paos ou incluso traídos da casa.

RECURSOS E MATERIAL DE REFUGALLO moitos deles forman parte do entorno doméstico e natural, das familias e da escola: envases de todo tipo, briks, botes, tubos de papel hixiénico, teas, lá...

Citar tamén o emprego de materiais traídos da casa, froito do traballo de investigación e pescuda de información para os proxectos: libros, fotografías, información de Internet, debuxos...

MATERIAL DA AULA tanto funxible como non funxible, necesario para desenvolver as tarefas e proxectos e levar a cabo a aprendizaxe: folios, cartolinas, ceras, pinceis, fotografías dos nenos/as, tarxetas cos nomes das cousas, xogos de todo tipo (puzzles, encaixables, dominós, material de xogo simbólico...) , libros e contos, carteis dos recantos e das rutinas diarias, papeis de diferentes texturas, cores, gomets...

LIBROS DE TEXTO: se traballará por proxectos de traballo e tarefas planificadas nas respectivas Unidades Didácticas Integradas, agás en matemáticas e en inglés que usan caderniños.

Curso	Título libro	Editorial	Idioma	ISBN
4º EI	Matemáticas1	SM	Castelán	9788467549065
4º EI	Matemáticas2	SM	Castelán	9788467549072
5º EI	Matemáticas3	SM	Castelán	9788467551822
5º EI	Matemáticas4	SM	Castelán	9788467551839
5º EI	Matemáticas5	SM	Castelán	9788467551846
5º EI	Archie's World- Starter	Oxford		9780194900089
6º EI	Matemáticas6	SM	Castelán	9788467551853

6º EI	Matemáticas7	SM	Castelán	9788467551860
6º EI	Matemáticas8	SM	Castelán	9788467551877
6º EI	Archie's World- Starter	Oxford		9780194900706

A elección a facemos en función de:

- Os obxectivos que se plantexan dentro da etapa.
- As situacións educativas.
- O nivel de desenvolvemento dos nenos/as.
- Das situacións que queremos propiciar.

Outros aspectos que temos en conta á hora de seleccionar o material son:

- Que sexa seguro
- Resistente e duradeiro.
- Fácil de manexar
- Finalidade pedagóxica
- Atractivos
- Polivalentes
- Que invite a experimentar

Educación Primaria

Os criterios de selección dos materiais curriculares que se tiveron en conta son os seguintes:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos, presenza dos diferentes tipos de contido e inclusión dos temas transversais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Cubre os obxectivos do currículo para o nivel.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento e maduración dos alumnos e alumnas.

- A progresión é adecuada.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativos.
- Esperta a motivación cara o estudo e o aprendizaxe.
- Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
- Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
- A cantidade de actividades é suficiente
- As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
- O linguaxe está adaptado ao nivel.

RECURSOS METODOLÓXICOS:

Na etapa de EP pódense considerar os seguintes principios básicos:

- Partiremos do nivel de desenvolvemento dos alumnos/as.
- Aseguraremos a construción das aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Os principios básicos e os estilos de ensino empregados deben centrarse na idea de “aprender facendo”:
- Posibilitaremos que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por eles.
- Favoreceremos situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionaremos situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, coa fin de que resulten motivadoras.
- Fomentaremos a construción de aprendizaxes significativos, favorecer o traballo cooperativo e práctica vivida.
- Estimularemos a capacidade de aprender e aprender.
- Fomentaremos habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información, buscando a autonomía do alumnado.

As estratexias para levar a cabo a consecución destes principios serán a indagación e a exposición a través de técnicas como a expresión oral, a expresión escrita, mapas de contidos, análise de textos, etc.

Tamén teremos en conta o espazo e o tempo como recursos, que terán carácter educativo e utilizaremos para conseguir os obxectivos propostos.

En función da estratexia que vaíamos a utilizar, a organización da aula será distinta, así faremos talleres, agrupamentos flexibles, traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativo... e, en función da actividade a realizar, os agrupamentos tamén serán distintos: asambleas, traballo por parellas, para buscar información, traballo en equipo, traballo individual...

RECURSOS HUMANOS relativos a todo o persoal que desenvolve a súa labor no centro educativo.

Ademais dos titores e mestres especialistas contamos con outras persoas que nos axudan a sacar adiante o noso proxecto educativo:

- Mestres de apoio.
- As familias que acoden para participar en distintas actividades que organiza o centro.
- A colaboración con persoal especializado: asociacións que realizan obradoiros, garda civil que realiza obradoiros de prevención, gabinetes psicopedagóxicos, contacontos, concello....

RECURSOS FÍSICOS: as propias aulas e mobiliario, os corredores, aulas de especialidades (pavillón, usos múltiples, aula de AL, aula de inglés), a biblioteca, o patio, a aula de Informática, a aula laboratorio-plástica, a sala de mestres, sala de material de uso do profesorado.

RECURSOS MATERIAIS

Nos primeiros cursos utilizaranse sobre todo materiais manipulativos por ser unha das mellores maneiras de interiorizar os contidos. Contamos en todas as aulas con PDI e con ordenadores.

Tamén contamos con libros de texto que serven de apoio aos mestre/a, relacionados a continuación:

Curso	Título libro	Editorial	Idioma	ISBN
1º EP	Lingua Galega 1º. Aprender es crecer	Anaya	Galego	9788467847079
1º EP	Lengua Castellana 1º. Aprender es crecer	Anaya	Castelán	9788467845273
1º EP	Matemáticas 1º. Aula activa	Vicens Vives	Castelán	9788468220284
1º EP	Inglés: Amazing Rooftops 1- Class Book (PK)	Oxford		9780194167154
1º EP	Religion Católica 1º. Amistad	Anaya	Castelán	9788469840061
2º EP	Lingua Galega 2º. Peza a peza	Anaya	Galego	9788469837771
2º EP	Lengua Castellana 2º. Pieza a pieza	Anaya	Castelán	9788469837351
2º EP	Matemáticas 2º. Aula activa	Vicens Vives	Castelán	9788468228341

2º EP	Inglés: Amazing Rooftops 2- Class Book (PK)	Oxford		9780194167413
2º EP	Religión Católica 2º	Anaya	Castelán	978846984009-2
3º EP	Lingua galega 3º “Proxecto ZOOM”	Vicens Vives	Galego	9788468271149
3º EP	Matemáticas 3º “Saber hacer contigo”	Santillana	Castelán	9788414111864
3º EP	Ciencias Sociais 3º “Saber facer contigo”	Santillana	Galego	9788491852292
3º EP	Inglés: Amazing Rooftops 3. Class Book	Oxford		9780194167666
4º EP	Lengua castellana 4º “Aprender es crecer en conexión	Anaya	Castelán	9788469806500

4º EP	Lingua galega 4º “Aprender é crecer en conexión”	Anaya	Galego	9788467880137
4º EP	Matemáticas 4º "Saber hacer”	Santillana	Castelán	9788483056097
4º EP	Ciencias Sociais 4º	Santillana	Galego	9788499724256
4º EP	Ciencias Naturais 4º	Vicens-Vives	Galego	9788468228433
4º EP	Inglés Rooftops 4 Class Book	Oxford		9780194503525

En 5º e 6º dispoñemos de E-dixgal polo que non usan libros de texto.

Material complementario variado: recursos para ortografía, mapas, gráficos, láminas, fotografías...

Libros de lectura e de búsqueda de información.

Material dixital: aulas virtuais, ipads, ordenadores, apps educativas, xogos interactivos...

5. TRATAMENTO DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS NAS ÁREAS/MATERIAS CONCRETADOS POR NIVEL EDUCATIVO..

A lexislación vixente destaca a importancia que debe dársele á Educación en valores ao longo de todas as etapas educativas. O CEIP Santo André de Xeve promove os valores que teñen que ver con:

- Respecto á diversidade e diferenzas
- Resolución pacífica de conflitos
- Fomento de hábitos de vida saudables
- Igualdade entre homes e mulleres
- Coidado do medio ambiente
- Autonomía e liberdade de expresión
- Traballo en equipo e cultura do esforzo

O tratamento transversal da educación en valores se levará a cabo que en todas as materias:

- Se traballará con enfoque de xénero, tendo en conta unha linguaxe non sexista, un uso da imaxe non estereotipada, a presentación de modelos alternativos e a inclusión de personaxes femininas importantes na historia, a ciencia, a matemática,... Realizaranse accións positivas cara á igualdade con exemplos e con temáticas que permitan reflexionar sobre a discriminación de xénero, os estereotipos presentes na sociedade...
- Reflexionarase sobre importancia do coidado do medio, a necesidade das tres R (reducir, reciclar e reutilizar), a promoción dun consumo responsable, o desenvolvemento de hábitos de vida saudable (hixiene postural, actividade física, alimentación, ...)
- Incidirase na resolución pacífica de conflitos, as normas sociais e o traballo en equipo, traballarase a prevención do acoso e a violencia, a autonomía, o respecto ás demais persoas e nos valores que sustentan unha cidadanía responsable
- Fomentarase a responsabilidade e o esforzo individual, a confianza en si mesmo/a, o espírito crítico, iniciativa e creatividade.

Os valores e temas transversais se terán en conta nas actividades educativas, na organización da aula, na selección de materiais e recursos, no agrupamento do alumnado, na selección de actividades e tarefas, etc. Ademais de traballalos en todas as actividades educativas, algúns proxectos, unidades ou tarefas son susceptibles dun tratamento máis en profundidade dalgúns valores ou temas transversais, e nas programacións así se reflectirán.

Durante o curso escolar celebraranse como mínimo as conmemoracións que a continuación se consignan, coa finalidade de contemplar nelas aspectos relacionados coa non violencia, a saúde, os valores democráticos, etc.

TEMPORALIZACIÓN		CONMEMORACIÓNS E CELEBRACIÓNS
1º TRIMESTRE	Outubro	O Magosto e o Samaín
	Novembro	20 Novembro: Día Universal da infancia. 25 Novembro: Día internacional contra a violencia de xénero.
	Decembro	30 nov.-7 Decembro: Constitución e Estatuto de Autonomía de Galicia 10 Decembro: Declaración Universal Dereitos Humanos Nadal
2º TRIMESTRE	Xaneiro	30 Xaneiro: Día da Paz
	Febreiro	Entroido Día Internacional da muller e da nena na ciencia: 11 de Febreiro Día de Rosalía: 23 Febreiro
	Marzo	8 Marzo: Día Internacional da Muller 15 Marzo: Dereitos do consumidor 7-11 Marzo: Semana da Prensa
3º TRIMESTRE	Abril	7 Abril: Día Mundial da Saúde 18-22 Abril: Semana do Libro
	Maio	9 Maio: Día de Europa 16-20 Maio: Semana das Letras Galegas
	Xuño	5 Xuño: Día Mundial do Medio Ambiente

6. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS E PROGRAMAS DE INNOVACIÓN E CALIDADE EDUCATIVA

O centro está inmerso nos seguintes plans e proxectos:

PFPP: O plan de formación está dirixido a todo o profesorado do centro.

PROXECTO EDIXGAL: implantouse no curso 2014-2015

CONTRATOS PROGRAMA: no presente curso solicitamos CPIInclúe e CPIInnova en varias modalidades.

PLAN PROXECTA: solicítanse cada curso, habitualmente solicitamos dous o proxecto de vida activa e deportiva e outro que varia segundo o PDI a traballar ese curso.

VOZ NATURA: solicítase cada curso, participamos dende o curso 2019/20, programa enfocado a coidar o medio-ambiente.

AQUAE STEM: é un programa de 3 anos para fomentar a vocación STEM entre o alumnado de primaria.

DEPOEMPRENDE NA ESCOLA: programa educativo ofertado pola Deputación de Pontevedra no que o alumnado participante se encargará de crear e xestionar unha cooperativa.

PONTENCIENCIA: programa ofertado polo concello que pretende traballar o método científico na aula a través de investigacións de calquera ámbito (científico, lingüístico...) que logo serán presentadas a un xurado.

MISIÓN ALBA: programa que busca realizar prácticas de laboratorio a través dos cales os participantes poderán ir pasando diferentes fases e interiorizando conceptos relacionados coa ciencia.

O horario de reunións de cada plan está establecido nun cadro de reunións mensuais que se acorda cada inicio de curso.

Para cada plan elaborase un proxecto a principios de curso no que se xustifica a necesidade deste proxecto, as accións a levar a cabo e ao final elaborase unha memoria na que se resumen as actividades que tiveron lugar.

7. MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN (FACER CONSTAR DATA DE AUTORIZACIÓN XT)

Segundo o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No artigo 8, punto 5 di:

Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración (en 4º e 6º de EP) do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa. En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüístico no ensino non universitario.

As horas de libre configuración quedan como segue:

Reforzo e afondamento tanto en 4º como en 6º de EP asociado á área de matemáticas.

8. CRITERIOS PARA DESEÑAR, SELECCIONAR, ORGANIZAR E AVALIAR AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Dende o CEIP Santo André de Xeve consideramos necesario o deseño de actividades complementarias e extraescolares que contribúan a un mellor desenvolvemento do alumnado e a profundar nas aprendizaxes. Os criterios para o seu deseño e selección os seguintes:

- Que os obxectivos da actividade se relacionen cos obxectivos xerais de centro e etapa.
- Que se correspondan cos obxectivos do nivel e dean resposta aos estándares de aprendizaxe contribuíndo ao mellor desenvolvemento dos mesmos.
- Que se integren no conxunto de actividades educativas do nivel.
- Que contribúan a desenvolver competencias no alumnado.

- Que fomenten o compañeirismo, coeducación e respecto á diversidade dos demais; que sexan actividades inclusivas e teñan enfoque de xénero.
- Que promovan a participación activa do alumnado afondando na súa curiosidade e buscando que sexan intelectualmente estimulantes.

Todas as actividades estarán sempre a cargo dun mestre/a que será o responsable da mesma, sen prexuízo das funcións atribuídas ó coordinador do Equipo de Actividades Extraescolares e complementarias do centro. Ademais, nas saídas o alumnado contará coa autorización por escrito dos titores legais, aplicando as indicacións realizadas ó respecto no NOF do centro.

Ademais, todas as actividades serán valoradas e avaliadas ao remate das mesmas por parte das persoas responsables e usuarias tendo en conta o cumprimento dos obxectivos, idoneidade, recursos achegados, temporalización, aspectos a mellorar, etc.

9. PAUTAS E CRITERIOS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES (DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DO D.105/2014).

O centro considera necesario o establecemento de tarefas extraescolares relacionadas co desenvolvemento de competencias clave para o desenvolvemento do alumnado. Terase presente o proceso de aprendizaxe do alumnado, os diferentes ritmos e tamén que exista progresividade ao longo das etapas e dos niveis educativos no colexio. Dentro da competencia aprender a aprender e máis concretamente no relativo a hábitos de estudo, considérase importante que o alumnado se acostume a ter un tempo diario de estudo, planificado e progresivamente maior. A nivel xeral, estas tarefas:

- Deberán respectar os tempos de ocio do alumnado.
- Fomentarán a responsabilidade e autonomía dos alumnos e alumnas.
- Irán encamiñadas a reforzar os contidos traballados na aula.
- Promoverán unha cultura do esforzo e do traballo

Ao comezo do curso o profesorado indicará ás familias aquelas actividades diarias que será conveniente que o alumnado faga nese nivel: lectura, ampliación, automatizar algoritmos, ... Ademais haberá unha axenda que sirva de comunicación casa-escola e indique as tarefas a realizar. O profesorado de nivel consensuará a cantidade das tarefas diarias para evitar

acumulación en determinados días, que faga inviable que o alumnado teña tempo de lecer suficiente e que realice as tarefas coa adecuación debidas.

Con carácter xeral, se propón actividades que supoñan busca de información, lectura diaria, repaso de cálculo ou automatismos básicos de diferentes áreas ou estudo. As tarefas estarán adaptadas a cada idade e a súa temporalidade estará entre os 30 min. e 1 hora dependendo da idade. Co alumnado con neae, adaptaranse as tarefas ao seu nivel, ritmo, capacidade e necesidades.

Por outro lado, como norma xeral, o alumnado que non remate a tarefa no centro, deberá completala na casa para evitar retrasos ou falta de práctica que repercuta na súa aprendizaxe.

10. ORGANIZACIÓN DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN NA ETAPA DE INFANTIL (3 ANOS)

Creemos que a entrada do alumnado en E.I. supón un importante cambio na súa vida. A forma en que se resolva este cambio é transcendental para o alumnado e para o seu futuro na institución escolar. Ao tratarse dun cambio que implica a varias persoas a adaptación non se refire só ó alumnado senón tamén ás familias. As familias van ter moita influencia neses primeiros instantes, por iso o profesorado do centro vai propoñer estratexias que poidan favorecer positivamente ese proceso.

A continuación recolleemos os elementos máis salientables da organización do período de adaptación. As actividades de este período terán lugar durante os meses de xuño e setembro

1. Obxectivos:

- Conquerir que a adaptación do alumnado sexa a idónea para o seu correcto desenvolvemento.
- Orientar e dar pautas para a nova situación que van afrontar.
- Coñecer ao alumnado e familias.
- Favorecer o sentimento de seguridade na súa nova situación escolar.
- Eliminar a ansiedade que lles pode provocar a entrada no colexio. Transmitindo seguridade e confianza no centro e docente.

2. Participantes:

Alumnado de 3 anos.

3. Proceso de elaboración do plan:

- Deseño do plan
- Análise do mesmo polo profesorado, debate e aporte de modificacións.
- Posta en práctica do plan.
- Avaliación e propostas de mellora cara a cursos sucesivos. A través dunha xuntanza do equipo de profesorado coa xefa de estudos e o orientador.

4. Elementos do plan:

a) Temporalización:

Primeira fase: Ao finalizar o período de admisión de alumnado e unha vez formalizada a matrícula no mes de xuño, as familias serán convocadas na última semana do mes de xuño para levar a cabo unha reunión coas familias. Nesta reunión recibirán un folleto con suxestións para ir preparando o inicio á escola e para facerlles comprender a necesidade de que a súa propia actitude cara ao colexio sexa positiva e que eviten actitudes que provoquen nas nenas e nos nenos falsas expectativas sobre o centro, posto que terá gran influencia neste período o comportamento familiar, como asuman a separación, como manexen as ansiedades e temores, de xeito que non se transmitan ó alumnado con manifestacións de excesiva preocupación. Comunicaráselle ás familias a necesidade de traballar no control de esfínteres para que poidan ter unha correcta incorporación en setembro. No mes de xuño haberá unha xornada de portas abertas na que o novo alumnado acudirá ao centro e terá os primeiros contactos cos compañeiros e compañeira, o profesorado e os espazos. O alumnado actual participará na acollida das novas amiguiñas e dos novos amiguiños durante estes días.

Segunda fase:

No mes de setembro (primeira quincena) terán lugar as entrevistas coa familia na que se recompilará información e datos importantes do alumnado (sanitarios, comportamentais, etc.) e se informará á familia sobre o calendario establecido para o período de adaptación. Esta entrevista será engadida ao expediente persoal do alumnado. Ademais, en setembro comeza o período de adaptación do alumnado propiamente dito coa súa incorporación á aula. O alumnado que non controle esfínteres incorporárase no momento en que este control estea conseguido. Isto

débese a que o centro non dispón de persoal técnico auxiliar nin coidadoras destinadas no centro para dar esta atención e ademais é unha tarefa que non entra dentro das funcións do profesorado. A duración deste período será a indicada no calendario escolar, este curso será ata o 21 de setembro de tal xeito que a finais de setembro todo o alumnado poida estar incorporado ao centro en condicións de normalidade. A pesar do dito, isto non é algo ríxido, senón que permitirá concibir períodos diferenciados cando as características de determinado alumnado ou as circunstancias familiares así o aconsellen, contarase neste caso co asesoramento do Departamento de Orientación.

b) Organización do Período de Adaptación.

O equipo de Educación Infantil xunto coa Xefatura de Estudos e o Orientador serán os encargados de organizar o Período de Adaptación. A entrada durante o período de adaptación será:

- Entrada escalonada. En momentos diferentes ó resto do alumnado.
- En grupos reducidos se o titor/a o considera necesario tendo en conta o número de alumnado matriculado.
- Con persoal de apoio e o profesorado do centro (preferentemente especialista que imparte na etapa) intervindo dende os primeiros días. Este apoio neste primeiro mes centrarase en axudar en momentos como as entradas e saídas, as merendas e momentos de aseo, e no establecemento e asentamento de rutinas e hábitos básicos (aseo, vestirse, recollida).
- Con tempo de permanencia flexible para o alumnado de 3 anos.

Ademais, é importante prestar atención:

- Espazos de aula: fácil acceso e ben definidos, acolledora e flexiblemente ambientada, con distintivos recoñecibles.
- Normas de uso paulatinamente traballadas e recollidas, que favorezan a autonomía.
- Espazos comúns: decoración, aseos adaptados, percorrido en grupo polos mesmos, patio con zonas de xogo, etc.

- Con momentos temporais ben definidos e remarcados (entrada, hábitos, rutinas, recreo, saída,...) Ademais, serán dinámicos e paulatinamente introducidos.
- Relacións fluída coas familias: reunión xuño, xornada de portas abertas, entrevista coas familias, contactos entradas e saídas.
- Prepararanse materiais e recursos chamativos e motivadores que atraian a súa atención e interese. Material ben estruturado e que favoreza os hábitos de autonomía. Ir engadindo pouco a pouco

O profesorado programará actuacións conxuntas que facilite o período de adaptación e realizará unha autoavaliación diaria para mellorar aqueles aspectos que poderían garantir unha mellor adaptación. As observacións realizadas durante o período serán recollidas e engadidas na Avaliación inicial da aplicación XADE.

Cada día entrará un pequeno grupo segundo criterios establecidos polo equipo de profesorado de E. Infantil coa Xefa de estudos e o Orientador. A distribución neste curso 2021/2022 foi:

SETEMBRO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
			9 GRUPO A: 10-11 h. GRUPO B: 11:30-12:30 h.	10 GRUPO B: 10-11 h. GRUPO A: 11:30-12:30 h.
13 GRUPO A: 9-10:30 h. GRUPO B: 11-12:30 h.	14 GRUPO B: 9-10:30 h. GRUPO A: 11-12:30 h.	15 GRUPO A: 9-11 h. GRUPO B: 11:30-13:30 h. O Grupo A trae merenda	16 GRUPO B: 9-11 h. GRUPO A: 11:30-13:30 h. O Grupo B trae merenda	17 GRUPO A e B 9-12h. Todos traen merenda
20 GRUPO A e B 9-12 h. Todos traen merenda	21 GRUPO A e B 9-13 h. Todos traen merenda	22 Horario normal 8:45-13:45 h. Todos traen merenda	23	24

11. CANAIS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS E ALUMNADO (MODELO UNIFICADO DE INFORMACIÓN SOBRE AS PROGRAMACIÓN, USO DA AXENDA ESCOLAR, USO DA PÁXINA WEB, REUNIÓNS, TITORÍAS PAIS, AULA VIRTUAL...)

Tal e como se establece no Plan de Orientación e Acción Titorial e na *Lei 4/2011* que regula a convivencia e a participación das familias, a relación familia-escola é fundamental, pois ambas institucións teñen un obxectivo común: a educación dos nenos e nenas. O centro ten deseñadas diversas actuacións para potenciar a comunicación coas familias que nos permita tanto o intercambio de información como a súa implicación no colexio, de maneira que a labor educativa teña certa continuidade e coherencia. A continuación, recolleemos aquelas máis habituais:

- **Reunións Inicio de curso.** Haberá unha a comezo de curso, por nivel. Estas xuntanzas servirán para comentar coas familias aspectos xerais do curso e tamén os aspectos curriculares que se corresponden ao nivel. Ademais, falarase da metodoloxía de traballo e faranse suxestións sobre hábitos de estudo, fomento da autonomía, resolveranse dúbidas... O guión desas xuntanzas e as presentacións en formato dixital que axilicen o formato das xuntanzas concretarase conxuntamente co Departamento de Orientación seguindo o guión xeral que se recolle nos anexos do Plan de Acción Titorial. Poderá haber outras xuntanzas ao longo do curso, a través da plataforma Webex mentres continúe esta situación sanitaria, se se consideran pertinentes.
- **Folletos.** Ao longo do curso farase chegar ás familias diversa información: suxestións de libros de lectura, suxestións sobre autonomía, actividades para fomentar a linguaxe oral, hábitos de estudo, etc.
- **Páxina Web.** O centro conta cunha páxina web actualizada na que se van publicando diferentes información relativas a libros de texto, matrícula, etc. E na que se van subindo as distintas actividades que se están levando a cabo no centro educativo.
- **Aula virtual.** Nas aulas que empreguen este recurso (sendo obrigatorio o seu uso de 3º a 6º de E.P.) o alumnado vai dispoñer dunha conta persoal que lle facilitará o/ titor/a. Nesta Aula o alumnado vai ter un curso no que o profesorado irá

presentando tarefas integradas e inclusivas así como toda a información e recursos educativos necesarios para poder continuar co proceso de aprendizaxe das diferentes materias se fose preciso, permitindo ás familias facer un seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

- **Entrevistas.** Sempre que se considere oportuno, prográmanse entrevistas individuais das familias coas titorías, profesorado, orientación,... conxuntamente ou en individual. Esas entrevistas son rexistradas nunha acta ou no caderno de entrevistas ou na ficha individual do alumnado que ten o profesorado do centro e cuxo modelo se recolle nos documentos anexos do Plan de acción tutorial e se facilita ao profesorado na carpeta dixital de acollida ao comezo de curso. É dicir, téntase usar documentos e cadernos de rexistro das visitas das familias, tanto estandarizadas como non estandarizadas para que cada titoría/profesorado adopte as que considere máis adecuadas ás súas necesidades e poida ter recollidas convenientemente as mesmas.
- **Axenda.** É de uso obrigatorio para todos os niveis de E. Primaria e permite a relación familia-escola diaria. Nela recóllense tarefas, recados e apuntamentos, así como autorregistro do alumnado sobre conduta e realización de tarefas. Permite tamén que as familias remitan observacións, xustificacións de faltas, petición de entrevista co profesorado, etc...
- **Horario de titorías.** Os martes, as familias poden entrevistarse persoalmente co profesorado nun horario establecido e comunicado nas reunión de grupo que se establecen no mes de setembro-outubro (de 17: 50 a 18:45 horas)
- **Espazo Abalar.** Esta aplicación da Consellería permite remitir notas e mensaxes ás familias de forma rápida e instantánea. E a través da mesma as familias poden enviar mensaxes as/aos titores/as ou xustificar faltas. Ademais, ao final do trimestre recibirán persoalmente os resultados das avaliacións das súas fillas e dos seus fillos.
- Outras formas de comunicación e colaboración:
 - Realizar enquisas sobre aspectos específicos: hábitos, convivencia, etc.
 - Participación nos Proxectos do Centro educativo: talleres, contacontos, solicitude de materiais, charlas, exposicións, etc.

- Actividades orientadas á formación das familias: Escolas de pais e nais.
- Contacto directo informal nas entradas e saídas do alumnado ao centro.

12. AVALIACIÓN DO ALUMNADO:

A AVALIACIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

A avaliación será unha práctica habitual e permanente para obter datos que faciliten a toma de decisións e encamiñada á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe. A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polos nenos/as e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo. As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas periodicamente ás familias ou titores legais co obxectivo de facelos copartícipes do proceso educativo dos seus fillos/as.

No segundo ciclo da Educación Infantil cubrirase electronicamente os documentos oficiais de avaliación, a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático XADE. A avaliación continua realizarase a partir de indicadores observables específicos das distintas áreas usando a escala de valoración: Con dificultade, Sen dificultade e En Proceso. Nesta valoración considerarase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, farase constar os aspectos máis salientables do seu progreso e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen.

A avaliación terá un carácter global, continuo e formativo e as principais técnicas para levar a cabo esta avaliación serán a observación directa e sistemática, a análise das producións do alumnado, o anecdotario persoal e diario de aula. Cada titor reunirse co resto de profesionais que imparten clase na súa aula nas sesións de avaliación como mínimo unha inicial e tres ao longo do curso, para deixar constar os asuntos tratados e os acordos adoptados, os cales quedarán reflectidos nunha acta.

Os momentos principais na avaliación dos alumnos/as serán:

- Avaliación inicial: ao principio do curso, así como ao principio de cada unidade de traballo, para determinar o punto de partida de cada neno/a ante o proceso educativo. Do mesmo xeito levaremos unha avaliación inicial cando se incorpore alumnado novo ao centro recollendo os datos máis destacados do seu desenvolvemento e tendo en conta os aportados polas familias na entrevista inicial e/ou nos informes de escolarización anteriores.
- Avaliación continua: ao longo do curso, e ao longo de cada unidade de traballo, para determinar ata que punto van sendo alcanzados os obxectivos propostos, os progresos, as dificultades atopadas e, se é necesario, modificar ou reorientar o proceso educativo tendo sempre como referente os criterios de avaliación correspondentes.
- Avaliación final: ao rematar cada unidade de traballo, cada trimestre, e ao rematar o curso escolar, para ver cales dos obxectivos planificados conseguiu cada alumno/a.

Os documentos de avaliación que cada titor cubrirá para o seu alumnado serán:

- O informe de avaliación inicial: no que se recollen os datos achegados na entrevista pola familia, así como as observacións realizadas durante o período de adaptación.
- O informe escrito trimestral: no que o titor informará ás familias sobre os progresos e dificultades detectados no alumno/a.
- O informe anual de avaliación individualizado: que se cubrirá ao rematar cada curso segundo os datos obtidos na avaliación continua.
- O informe individualizado de final de ciclo: cos datos máis relevantes de cada curso e que será posto á disposición da persoa titora da nova etapa como orientación para a avaliación inicial.
- Cubriremos electronicamente os documentos oficiais de avaliación a través do XADE.

No referente a información ás familias será o titor/a o encargado de informar e ter en conta a información que nos proporcionen tantas veces sexa necesario ao longo do curso.

A AVALIACIÓN NA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Existe neste documento unha táboa na que se recollen uns mínimos esixibles para a superación de cada materia e curso (perfil de área).

I. DATAS DAS AVALIACIÓNS

Tendo en conta que contamos no centro cun orientador/a e mestre/a de AL compartidos con outros centros, será preciso acordar con eles as datas das reunións de avaliación, de xeito que poida asistir ás mesmas.

En todo caso estas datas serán fixadas ao comezo de curso e reflectidas no primeiro claustro do curso.

En cada trimestre terá lugar unha reunión de avaliación que será fixada os penúltimos luns e martes antes de rematar o trimestre, un día celebraranse as de EI, 1º e 2º de EP e o outro 3º, 4º, 5º e 6º de EP de xeito rotatorio.

II. AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial realizarase ao longo do mes de setembro, seguindo o seguinte proceso:

- Antes do inicio das clases en xuntanza co orientador e a xefatura de estudos, nesta recibirá información sobre o grupo, a súa evolución académica anterior, as neae da aula, os datos de avaliacións psicopedagóxicas realizadas, ...
- O profesorado deseñará actividades de acollida (presentación, constitución de equipos, debates, postas en común....) que lle permitan ademais e en contexto natural de aula observar e avaliar ao alumnado de forma integrada e obter datos revelantes para reconducir/modificar a programación e axustala aos datos obtidos.
- A finais de setembro realizaremos unha xuntanza de profesorado para posta en común.

III. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO DE ETAPA EP

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os

criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos de etapa será automática.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Non será posible promocionar se non se superan dúas das áreas troncais ou instrumentais (lingua castelá, lingua galega e matemáticas). No caso de tratarse de área non troncais, ou estas combinadas con outras, terase en conta o grao de maduración, os vínculos interpersoais co resto do grupo e se o feito de non promocionar repercutirá no rendemento do alumnado no seguinte curso, así como no seu aproveitamento permanecendo un ano máis no mesmo.

Esta decisión será tomada na reunión de avaliación do terceiro trimestre polo equipo de ciclo correspondente, sendo informada a familia deste feito.

A decisión de non promocionar será tomada tras ter sido aplicadas, ao longo do curso, as modificacións e medidas de reforzo pertinentes, sen resultado satisfactorio á hora de acadar os mínimos establecidos.

Cando as circunstancias persoais da alumna ou alumno con necesidades educativas especiais o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.

IV. CRITERIOS PARA O DISEÑO DOS PLANS DE REFORZO OU DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONE CON MATERIAS PENDENTES

No caso de que o alumnado promocioe con materias pendentes, o profesorado que imparta esas materias no nivel no que está escolarizado deseñará as medidas necesarias para que supere esas materias.

Comunicará ás familias esas medidas, poraas en marcha e fará o seguimento.

Cando se produza a superación da materia, que poderá ocorrer en calquera momento ao longo do curso escolar, isto suporá unha avaliación positiva da materia e consignarase o resultado e o feito en acta de sesión de avaliación.

Os plans específicos de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias pendentes, son elaborados ao comezo de cada curso en base ao modelo proporcionado por Inspección Educativa.

V. CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DE PLANS ESPECÍFICOS PARA ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CURSO

O plan específico é un plan personalizado para axudar a que o alumnado que permaneza un curso máis no nivel desenvolva o grao das competencias clave necesario e acade os estándares establecidos. Deben estar orientado á superación das dificultades detectadas. Estarán adaptados ás características do alumnado repetidor.

Os plans específicos para o alumnado que non promocionan, son elaborados ao comezo de cada curso en base ao modelo proporcionado por Inspección Educativa.

VI. PROCEDIMENTO DE REVISIÓN E DE RECLAMACIÓNS AO LONGO DO CURSO E ÁS CUALIFICACIÓNS FINAIS

Ante calquera desconformidade co resultado da avaliación existe un prazo para a revisión das probas e de reclamación, ditos prazos serán os establecidos na lexislación vixente.

A **reclamación das cualificacións e a petición de revisións** deberá facerse en primeira instancia no centro seguindo o seguinte proceso:

- .1. As familias poderán solicitar no prazo de dous días seguintes á comunicación da cualificación a súa revisión.
- .2. A solicitude presentarase ante a dirección do centro ou a xefatura de estudos.
- .3. Deberán expoñerse os motivos que xustifican esa desconformidade.
- .4. A solicitude de revisión será trasladada ao profesorado responsable da área ou materia e comunicara a circunstancia ao profesorado titor (se non fose este profesorado quen imparta a materia)

- .5. O profesorado responsable da área estudará a solicitude de revisión e deberá constatar as actuacións seguidas no proceso de avaliación do alumnado, os estándares aplicados de acordo coa programación correspondente, a adecuación dos instrumentos e procedementos de avaliación aplicados e a súa correcta aplicación.
- .6. Elaborará un informe como conclusión dese estudo. A decisión que se adopte pode ser de modificar ou ratificar a cualificación obxecto de reclamación.

As solicitudes de **revisión da decisión de promoción** deberá facerse en primeira instancia no centro seguindo o seguinte proceso:

- .1. As familias poderán solicitar no prazo de dous días seguintes á comunicación da cualificación a súa revisión.
- .2. Serán trasladadas ao profesorado titor, como coordinador da sesión final de avaliación.
- .3. Este á vista dos informes sobre as cualificacións do alumnado elaboradas polo profesorado das diferentes materias que imparte no grupo, dos criterios de promoción especificados para o nivel ou etapa, considerará a procedencia de reunir, en sesión extraordinaria, o equipo de profesorado do grupo para que á vista dos novos datos achegados valore a necesidade de revisar os acordos e decisións adoptadas con respecto do alumnado que reclama.
- .4. Elaborarase acta que recolla o acordo e a fundamentación da decisión adoptada.
- .5. O profesorado titor trasladará copia da acta á dirección ou xefatura de estudos do centro que comunicará por escrito á familia do alumnado que solicitara a revisión a decisión tomada de forma razoada debendo quedar constancia da recepción por parte da persoa interesada.

Se tras o proceso de reclamación no centro persistise o desacordo a familia poderá recorrer a instancias superiores.

A normativa de referencia atópase no punto 11 do capítulo IV do anexo á Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02/09/1997) e contén as seguintes instrucións:

1. Os pais dos alumnos/as poderán reclamar contra as cualificacións outorgadas ao rematar un curso, baseándose na inadecuación das probas propostas ao alumno/a en relación cos obxectivos ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
2. Os pais que non estean de acordo coa cualificación asignada ao seu fillo ao final do curso poderán presentar no prazo de cinco días unha reclamación por escrito ante o director na que explique as razóns nas que fundamenta a súa solicitude.
3. A dirección do centro nomeará una comisión presidida polo xefe de estudos e integrada por todos os membros do correspondente equipo de avaliación que, no prazo de tres días contados desde a presentación da reclamación, deberá adoptar a correspondente decisión, que será comunicada (por escrito) de inmediato ao reclamante, e informarao ao mesmo tempo do dereito que o asiste de interpoñer recurso contra ela, no prazo de dez días, ante o Xefe Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quen, logo de informe do servizo de inspección educativa, resolverá, poñendo fin a dita resolución á vía administrativa.
4. Cando unha reclamación ou recurso sexa estimado, procederase a rectificar a cualificación, mediante dilixencia estendida polo secretario co visto e prace do director, facendo referencia a resolución adoptada.

VII. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MENCIÓNS HONORÍFICAS

Segundo recolle a **ORDE do 9 de xuño de 2016** pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, nos puntos 4 e 5 do seu **artigo 5.Cualificacións e mención honorífica**: “os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.”

Todo o relativo á mención honorífica citado no anterior parágrafo non aparece contemplado para a educación primaria na **ORDE do 25 de xaneiro de 2022** pola que se actualiza a

normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

13. CRITERIOS XERAIS DA AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE E DO PROCESO ENSINANZA APRENDIZAXE. CONCRECIÓN DOS INDICADORES DE LOGRO (MODELO DE ACTA)

A avaliación tamén debe contemplar outros aspectos implicados no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación da propia práctica docente do profesorado, individual e en conxunto permitirá coñecer as formas organizativas, a eficacia das programacións, os recursos empregados, os tempos e os espazos previstos, o agrupamento do alumnado, a metodoloxía e avaliación aplicadas, a relación e colaboración coas familias, a concreción dos distintos Plans do Centro, etc.

Esta avaliación realizarase a nivel de aula, de equipo docente e de centro e levarase a cabo trimestralmente durante a sesión de avaliación, propoñendo medidas de mellora. Ao final de curso quedará reflexado nunha memoria na que se recollerán propostas de mellora de cara ao curso seguinte. A intención desta avaliación é mellorar a práctica docente e a programación e adquirir compromisos de actuación pedagóxico-didáctica axeitados. Os resultados conseguidos permitirán a modificación de aspectos metodolóxicos e organizativos, así como das propias programacións ó longo do curso.

A continuación recollemos algúns indicadores de logro, onde 1 é a cualificación máis baixa e o 4 a máis alta:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
Respectouse a distribución temporal dos contidos por avaliacións.				
Aplicouse a metodoloxía didáctica programada.				
Tívoise en conta os coñecementos e aprendizaxes previos.				

Aplicáronse procedementos de avaliación programados e axustáronse aos criterios de avaliación.				
Aplicáronse medidas de atención a diversidade aos alumnos que as requerían.				
Leváronse a cabo actividades con diferentes tipos de agrupacións, que favorecesen unha mellor organización.				
Contemplouse a aportación das áreas á adquisición das competencias.				
Puxéronse en práctica medidas para estimular o interese e o hábito da lectura e a capacidade de expresarse correctamente.				
Os materiais e recursos didácticos utilizados foron accesibles, atractivos, suficientes, motivadores, educativos, axeitados, socializantes, non sexistas, seguros, limpos, estimuladores da imaxinación...				
Os espazos organizáronse axeitadamente, permitiron o desprazamentos do alumnado, favoreceron o intercambio de ideas, a autonomía, a orde...				
Os tempos foron flexibles e respectáronse os ritmos xerais e particulares.				
Realizáronse as actividades complementarias e extraescolares programadas.				
Favoreceuse a implicación e colaboración das familias no proceso educativo dos seus fillos/as.				
Atendeuse aos intereses do grupo para planificar centros de interese e proxectos?				
Leváronse a cabo modificacións sobre as actividades e exercicios propostos para atender á diversidade o alumno e, de ser o caso, ó alumnado con n.e.a.e.				
As reunións do equipo de ciclo, coordinación e os restantes equipos entre titores foron satisfactorias				
As actividades propostas cumpriron as expectativas ou tiveron que ser modificadas para cumprir os obxectivos propostos				
Conseguíuse a participación activa do alumnado.				

1. Se contestaches 1 ou 2 a algunha cuestión, sinala que causas, ao teu xuízo, foron as responsables.
2. Indica as características máis positivas do traballo desenvolvido por ti este curso.
3. Sinala os aspectos que consideres que deberías mellorar na túa tarefa para cursos sucesivos.

14. DECISIONS E CRITERIOS XERAIS NA ELABORACIÓN E AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS (MODELO UNIFICADO, DATAS DE ENTREGA, DATAS DE REVISIÓN, GUIÓN REVISIÓN...)

Modelo de escala de valoración

Avaliación da programación didáctica.	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				

5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto*				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos				

16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación das probas, tendo en conta o valor de cada estándar.				
19. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. Vinculados aos estándares.				
20. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con neae.				
21. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
22. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
23. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
24. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				

25. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
26. Grao de integración das tic no desenvolvemento da materia.				
<p>Observacións:</p> <p>Realizarse esta avaliación unha vez desenvolva esta programación de acordo a os parámetros fixados neste apartado.</p>				